



Veciñanza solicita a catalogación dos novos petroglifos descubertos en Cequeril

Dende Veciñanza, e concretamente da área de cultura desta agrupación de electores, queremos informar que o pasado xoves, 17 de marzo, rexistramos na Delegación Territorial da Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia (registro de entrada número 34139 / RX 715585) un documento polo cal se lle informa da existencia de distintos gravados rupestres localizados na parroquia de Santa María de Cequeril, dentro dos termos municipais de Cuntis.

Tal e como se achega no documento, as distintas estacións rupestres foron localizadas polo estradense Jorge Fernández Guerra, diplomado en turismo; e na superficie inspeccionada tamén colabora Fran Ameixeiras, que foi guía do Parque da Arte Rupestre de Campo Lameiro.

A área de Cultura de Veciñanza púxose en contacto co estradense e, en conxunto, supervisouse a zona na que aparecen os novos grupos inscultóricos. Jorge, membro de Codeseda Viva, amosounos cinco estacións, onde abundan as cazoletas, os gravados cruciformes, antropomorfos e figuras cuadrangulares.

Veciñanza –en colaboración co estradense– elabora un dossier fotográfico, varias fichas técnicas e –así mesmo– tres planos de situación para que os técnicos da Consellaría de Cultura, e máis concretamente os técnicos do Servizo de Patrimonio Cultural, poidan localizar con certa facilidade os novos gravados.

Alén disto, solicítouse que supervisadas as áreas nas que se localizan os gravados, se analicen e se emita o respectivo informe. Igualmente, que sexan catalogados e, no caso de seren de manifesto valor, se dea coñecemento á administración local cuntiense para que os teña en consideración e faga cumprir a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural da Comunidade Autónoma Galega, así como calquera outra lexislación que lle sexa aplicable. Tampouco nos esquecemos de instar a que se tomen todas as medidas oportunas para a súa conservación, co obxecto de que non sexan danados por ningunha circunstancia, incluso cando se efectúen labores de roza mecánica neses lugares.



Cómpre sinalar que esa parroquia cuntiense conta xa con varias zonas rupestres que son motivo continuo de investigación e que, dende o século pasado, foron estudadas por diversos historiadores ou cando menos amosaron o seu interese; nomeadamente: Ramón Sobrino Buhigas, Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza, Castelao, o italiano Emmanuel Anati, o portugués António Martinho Baptista, López Cuevillas, Filgueira Valverde, Antonio de la Peña Santos,...

Queremos recordar nestas liñas que outros gravados cuntienses, desa mesma parroquia, xa foron catalogados a raíz do Decreto 3741/1974, do 20 de decembro, *polo que se declaran monumentos histórico-artísticos de carácter nacional os gravados rupestres existentes na provincia de Pontevedra*. Entre eses monumentos cuntienses están, así logo: A Laxe dos Home, O Outeiro dos Campiños, O Outeiro do Casal, O Outeiro do Galiñeiro.

Cuntis, 24 de marzo de 2016